

V EDICIÓN DA CARREIRA POPULAR DAS LETRAS GALEGAS CONCELLO DE VILALBA

Proba do calendario oficial da FGA

Sábado 17 de maio de 2014

Categorías menores: 16 horas

Categorías adultos: 17:30 horas

sábado
17
maio

www.vilalba.org/carreirapopular
www.championchipnorte.com

V CARREIRA POPULAR DAS LETRAS GALEGAS

Inscripcións do 22 de abril ao 14 de maio.
adultos: www.championchipnorte.com
e na oficina de deportes do concello de 9 h. a 13 h. Importe 5€
menores: www.vilalba.org/carreirapopular
nos centros educativos correspondentes e na oficina de deportes
do concello de 9 h. a 13 h. Inscripción gratuita.
Inicio da proba: - menores: 16:00h. - adultos: 17:30h.
Premios en metálico de 450 euros + trofeos, e premios especiais.

ORGANIZA 
Concello de Vilalba

COLABORA   



Concello de Vilalba



1. REGULAMENTO

- 1.1-** O Concello de Vilalba organiza a V Carreira Popular das Letras Galegas o 17 de maio de 2014 na localidade de Vilalba baixo o control técnico da Federación Galega de Atletismo a través da súa delegación en **XXXXXX**
- 1.2-** Poderán participar atletas federados e non federados; haberá unha clasificación conxunta. O control da carrerita estará a cargo do Comité de Xuíces da Federación Galega de Atletismo.

Na proba absoluta será obrigatorio o uso do chip de cronometraxe suministrado pola organización excepto para os propietarios de chip amarelo que poden utilizar o seu.

O dorsal deberá ser colocado visiblemente na parte dianteira do/a corredor/a, sen poder facer ningunha modificación nel.

A organización e os seus colaboradores non se fan responsables dos danos morais ou materiais que a si mesmos ou a outras persoas ocasionen os participantes nas carreiras.

2. CARREIRA ASBOLUTA

Os corredores/as nados no 1997 ou anteriormente, sen límite de idade.

2.1. INSCRICIÓNS CARREIRA ABSOLUTA:

Inscricións on-line na páxina web:

www.championchipnorte.com

Inscricións presenciais a partir do martes 22 de abril na Oficina de Deportes do Concello de Vilalba en horario de 9 a 13:30 horas.

Peche de inscricións o luns 12 de maio ás 13:30 horas.

COTA DE INSCRICIÓN: 5 € (+ 1 € os participantes non propietarios do chip)

NON SE ACEPTAN INSCRICIÓNS POR TELÉFONO OU FAX

Para poder inscribirse tanto on-line como presencialmente serán obrigatorios os seguintes datos:

- NOME
- APELIDOS
- SEXO: M F
- DATA DE NACEMENTO
- DNI
- CLUBS (se pertence a algún)

- LOCALIDADE
- PROVINCIA
- MÓBIL

A organización reservarase o dereito de non inscribir a aquelas persoas que non cubran correctamente os datos requeridos e, polo tanto, impedirles a participación na proba.

2.2. PERCORRIDO:

A saída e meta serán na Praza da Constitución. O recorrido consistirá en dar tres voltas, nun circuito pechado, cunha distancia total de **8.235 m.** (2.745 m. cada volta), polas seguintes rúas:

Rúa de Galicia, Avenida Cidade de Lugo, Rúa da Feira, Rúa Pintor López Guntín, Avenida Terra Chá, Rúa de Muras, Rúa Campo de Puente, Rúa Basanta Silva, o paso por estas rúas farase 3 veces.

2.3. ENTREGA DE DORSAIS E CHIPS DE CRONOMETRAXE CHAMPIONCHIP

Os dorsais e os chips de cronometraxe entregaranse o día da proba (17 de maio) nos mostradores da organización sitos na Praza da Constitución dende as **14:00 ata as 17:00 horas.**

2.4. PREMIOS DAS CARREIRAS ABSOLUTAS MASCULINA E FEMININA.

2.4.1. Clasificación xeral

1º/1ª CLASIFICADO/A _____ 100 € + Trofeo
 2º/2ª CLASIFICADO/A _____ 75 € + Trofeo
 3º/3ª CLASIFICADO/A _____ 50 € + Trofeo

2.4.2.- Por categorías

Categoría +17: Trofeo para o 1º masculino e feminino.

Categoría +27: Trofeo para o 1º masculino e feminino.

Categoría +37: Trofeo para o 1º masculino e feminino.

Categoría +47: Trofeo para o 1º masculino e feminino.

2.4.3. Premios especiais da carreira absoluta

1º/1ª CLASIFICADO/A veciño/a do termo municipal _____ Trofeo

PARTICIPANTE DE MAIOR IDADE da proba absoluta _____ Trofeo

Todos os premios son acumulables.

Avituallamento final para todos/as os/as participantes que rematen a proba, na zona habilitada pola organización.

2.5. INFORMACIÓN DE INTERESE

- **Aparcadoiros:** os participantes disporán dunha zona de estacionamento no Campo da Feira (**cuadrante b3 no plano**), na Rúa de Abadín (**b3**) e na Rúa de Guitiriz (**b3**).
- **Gardarroupa:** todos aqueles que o desexen poderán facer uso do servizo de gardarroupa habilitado pola organización
- **Duchas:** unha vez rematada a proba estarán á disposición dos participantes as duchas dos **vestiarios 5 e 6** do Pavillón Municipal de Deportes situado no Campo da Feira (**b3**) a 400 metros da zona de meta.

2.6. INFORMACIÓN E RESULTADOS

Na páxina web oficial da proba:

www.vilalba.org/carreirapopular/

www.championchipnorte.com

<http://www.atletismogalego.com/>

3. CARREIRA CATEGORÍAS MENORES

Categorías masculinas e femininas

Categoría +5_____nados/as entre 2005 e 2009

Categoría +10_____nados/as entre 2004 e 2002

Categoría +13_____nados/as entre 2001 e 1998

3.1. INSCRICIÓN CARREIRA MENORES

Na web www.vilalba.org/carreirapopular/, a partir do martes 22 de abril e co mestre/a, profesor/a de educación física dos distintos centros educativos.

Inscricións presenciais a partir do martes 22 de abril na Oficina de Deportes do Concello de Vilalba en horario de 9 a 13:30 horas.

Peche de inscricións o luns 12 de maio ás 13:30 horas.

Inscrición gratuita.

NON SE ACEPTAN INSCRICIÓN POR TELÉFONO OU FAX

Para poder inscribirse tanto on-line como presencialmente serán obrigatorios os seguintes datos:

- NOME
- APELIDOS
- SEXO: M F
- DATA DE NACEMENTO
- DNI
- CLUBE (se pertence a algún)
- LOCALIDADE
- PROVINCIA
- MÓBIL
- CATEGORÍA: +5 +10 +13

A organización reservarase o dereito de non inscribir a aquelas persoas que non cubran correctamente os datos requeridos e, polo tanto, impedirles a participación na proba.

3.2. PERCORRIDO:

CATEGORÍA +5 _____ **450 metros.**
 CATEGORÍA +10 _____ **850 metros.**
 CATEGORÍA +13 _____ **1600 metros.**

CATEGORÍA +5: Saída na Praza da Constitución, rúa de Galicia, rúa Xosé María Chao Ledo e volta á meta pola rúa dos Pepes.

CATEGORÍA +10: Saída na Praza da Constitución, rúa da Pravia, rúa Campo de Puente e volta á meta pola rúa Basanta Silva.

CATEGORÍA +13: saída na Praza da Constitución, rúa da Pravia, rúa Campo de Puente, rúa de Muras, rúa de Foz e volta á meta pola rúa Basanta Silva.

3.3. ENTREGA DE CHIPS E DORSAIS

Os dorsais entregaranse o día da proba (17 de maio) nos mostradores da organización sitos na Praza da Constitución dende as **14:00 ata as 15:30 horas.**

3.4. PREMIOS

Trofeo para o primeiro/a, segundo/a e terceiro/a de cada categoría.

Obsequio e avituallamento final para todos os que rematen a proba.

Sorteo, o remate da entrega de trofeos, dos seguintes artigos:

- * Unha consola de videoxogos
- * Un monopatín
- * Un balón de fútbol
- * Unha táboa de bodysurf para nenos/as.

3.5. INFORMACIÓN E RESULTADOS

Na páxina web oficial da proba:

www.vilalba.org/carreirapopular/

www.championchipnorte.com

<http://www.atletismogalego.com/>

4. OUTRAS DISPOSICIÓNS

- 4.1- Todo corredor/a que non entre na liña de meta co dorsal ben visible colocado na zona do peito ou que incumpra as normas establecidas no regulamento da Federación Galega de Atletismo e da RFEA referente a probas en ruta, poderá ser descalificado.
- 4.2- Non está permitido o acompañamento na proba de ningún vehículo alieo á organización. Nin bicicletas, patíns ou persoas non escritas na proba que poidan acompañar, avituallar ou marcar ritmos ós participantes. Asemade non se permite a participación con coches ou cadeiras de nenos, nin correr acompañados destes en ningún momento.
- 4.3- As reclamacións ós resultados oficiais, deberán formularse verbalmente ó Xuíz Árbitro da Competición no mais tarde de 30 minutos despois da publicación dos mesmos.
- 4.4- SERVICIOS (persoal sanitario, ambulancia, duchas, avituallamento). A proba conta cun seguro de Responsabilidade Civil e un seguro de accidentes deportivos para os participantes.
- 4.5- Todo o non previsto no presente regulamento resolverase de acordo co regulamento da FGA, RFEA e IAAF en vigor. A organización da proba reservarase o dereito de decidir sobre calquera aspecto ou circunstancia non contemplada neste regulamento.

5. MAPA CONCELLO DE VILALBA

Na seguinte páxina, poden consultar as rúas pola que discurrirán as distintas probas así como onde están situados os aparcadoiros e as duchas.

